



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA COBERTURA DAS HORAS ASIGNADAS Á LIMPEZA DA NAVE DO GES. EXP. 2024/X999/000034

No cumprimento do ordeado pola alcaldía na súa providencia de data 01-02-2024 emitíuse na data de 06-02-2024 polo TAX o informe sobre a cobertura das horas asignadas á limpeza da nave do GES, o cal é do seguinte teor literal:

### “informe-proposta

#### Antecedentes

-Proposta de requirimento, con número 26/23, remitida a este concello pola Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social da Coruña o 22-11-2023, en materia de prevención de riscos laborais, en orde a adoptar, nun prazo inmediato, as medidas preventivas que aseguren a limpeza das instalacións do GES por persoal especializado, trala visita de inspección efectuada o día 25-10-2023 a estas instalacións.

- Informe do coordinador de Servizos, Manuel Javier Vidal Varela, de data 01-02-2024 sobre a necesidade de contratación de persoal para a limpeza da nave do GES.

-Providencia de Alcaldía de data 01-02-2024 pola que se inicia o expediente para a modificación de contrato de traballo de limpadora de instalación municipais, persoal laboral fixa discontinua a tempo parcial, por medio da LISTA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS FIXAS DISCONTINUAS A TEMPO PARCIAL, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023) para cubrir as horas asignadas á limpeza da nave do GES, un total de 6 horas semanais, a repartir 2 horas en 3 días, procedendo á modificación horaria do contrato de traballo da persoa que acepte cubrir estas horas, e se emita informe-proposta polo TAX.

-Informe da funcionaria D<sup>a</sup>. María José Sueiro Pose de data 05-02-2024 sobre os chamamentos para cubrir as horas asignadas á limpeza da nave do GES, que é do seguinte teor literal:

### “INFORME:

....

*Tendo en conta os antecedentes expostos, procédese á realización dos chamamentos por medio da **LISTA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS FIXAS DISCONTINUAS A TEMPO PARCIAL**, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023) para cubrir as horas asignadas á limpeza da nave do GES, un total de 6 horas semanais, a repartir 2 horas en 3 días, procedendo á modificación horaria do contrato de traballo da persoa que acepte cubrir estas horas, estando composta polas seguintes persoas:*

Nº	APELIDOS E NOME	DNI	CUPO HORARIO E DESTINO
1	LEMA ROJO MARIA ISABEL	***3227**	15 horas semanais / 3 h. diarias Escola Unitaria de Pazos e Xornes
2	GARCIA SOUTO MIRIA MARIA	***5555**	30 horas semanais Escola Eduardo Pondal (4 h. diarias)



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

			<i>Escola Unitaria de Brántuas (2 h. diarias)</i>
3	PÉREZ LEMA ROSA MARIA	***1422**	35 horas semanais / 7 h. diarias Escola Eduardo Pondal
4	CARABEL FERREIRO TERESA	***6367**	26 horas semanais / 5,20 h. diarias Escolas As Forcadas de Corme
5	PEREZ CANCELA MELANIA MARIA	***0813**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tallo
6	CASTRO SOUTO PAMELA	***6714**	10 horas semanais / 2 h. diarias Escola Unitaria de Tella

Logo de realizar os chamamentos, atendendo á orde de prelación obtida polas candidatas no proceso selectivo de estabilización polo cal resultaron nomeadas, conclúese o seguinte resultado:

1. LEMA ROJO MARIA ISABEL, con DNI \*\*\*3227\*\*, candidata número 1: Realízase chamamento telefónico o día 02-02-2024, contestando que o rexeita mediante escrito presentado por rexistro o 06-02-2024 con número de entrada 202400000000146.
2. CARABEL FERREIRO TERESA, con DNI \*\*\*6367\*\*, candidata número 4: Efectúase chamamento o día 02-02-2024 por vía telefónica, **aceptando** cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 05-02-2024 (R.E. núm. 202400000000144)

Non se realiza chamamento ás candidatas número 2 e número 3 por sobrepasar as 35 horas semanais de xornada, no caso de aceptaren o mesmo.  
.....”

### Fundamentos xurídicos

O posto de limpadora fixa discontinua a tempo parcial ten natureza estrutural e así consta no Anexo de Persoal do vixente Orzamento Municipal de 2024, deberase ter en conta a definición de contrato a tempo parcial, así o RDL 272015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no seu artigo 12, establece:

“Artículo 12 Contrato a tempo parcial y contrato de relevo

**1.** El contrato de trabajo se entenderá celebrado a tiempo parcial cuando se haya acordado la prestación de servicios durante un número de horas al día, a la semana, al mes o al año, inferior a la jornada de trabajo de un trabajador a tiempo completo comparable.

A efectos de lo dispuesto en el párrafo anterior, se entenderá por «trabajador a tiempo completo comparable» a un trabajador a tiempo completo de la misma empresa y centro de trabajo, con el mismo tipo de contrato de trabajo y que realice un trabajo idéntico o similar. Si en la empresa no hubiera ningún trabajador comparable a tiempo completo, se considerará la jornada a tiempo completo prevista en el convenio colectivo de aplicación o, en su defecto, la jornada máxima legal.

**2.** El contrato a tiempo parcial podrá concertarse por tiempo indefinido o por duración determinada en los supuestos en los que legalmente se permita la utilización de esta modalidad de contratación.

.....

**4.** El contrato a tiempo parcial se regirá por las siguientes reglas:



CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

**a)** *El contrato, conforme a lo dispuesto en el artículo 8.2, se deberá formalizar necesariamente por escrito. En el contrato deberá figurar el número de horas ordinarias de trabajo al día, a la semana, al mes o al año contratadas, así como el modo de su distribución según lo previsto en convenio colectivo.*

*De no observarse estas exigencias, el contrato se presumirá celebrado a jornada completa, salvo prueba en contrario que acredite el carácter parcial de los servicios.*

.....

**c)** *Los trabajadores a tiempo parcial no podrán realizar horas extraordinarias, salvo en los supuestos a los que se refiere el artículo 35.3.*

*La realización de horas complementarias se regirá por lo dispuesto en el apartado 5.*

*En todo caso, la suma de las horas ordinarias y complementarias, incluidas las previamente pactadas y las voluntarias, no podrá exceder del límite legal del trabajo a tiempo parcial definido en el apartado 1*

....

**5.** *Se consideran horas complementarias las realizadas como adición a las horas ordinarias pactadas en el contrato a tiempo parcial, conforme a las siguientes reglas:*

**a)** *El empresario solo podrá exigir la realización de horas complementarias cuando así lo hubiera pactado expresamente con el trabajador. El pacto sobre horas complementarias podrá acordarse en el momento de la celebración del contrato a tiempo parcial o con posterioridad al mismo, pero constituirá, en todo caso, un pacto específico respecto al contrato. El pacto se formalizará necesariamente por escrito.*

**b)** *Solo se podrá formalizar un pacto de horas complementarias en el caso de contratos a tiempo parcial con una jornada de trabajo no inferior a diez horas semanales en cómputo anual.*

**c)** *El pacto de horas complementarias deberá recoger el número de horas complementarias cuya realización podrá ser requerida por el empresario.*

*El número de horas complementarias pactadas no podrá exceder del treinta por ciento de las horas ordinarias de trabajo objeto del contrato. Los convenios colectivos podrán establecer otro porcentaje máximo, que, en ningún caso, podrá ser inferior al citado treinta por ciento ni exceder del sesenta por ciento de las horas ordinarias contratadas.*

.....”

Polo anterior, segundo a Organización Internacional do Traballo a xornada a tempo parcial máxima debería estar comprendida entre 30 e 35 horas, só se poderán realizar horas extraordinarias nos supostos comprendidos no artigo 35.3 do ET, e o resto das horas que se poidan realizar fóra do horario normal da prestación terán o carácter de complementarias e deberanse reflectir por escrito, tal como establece o precitado artigo 15 do E.T.

Con todo isto, o número de horas que a xuízo do coordinador do GES se deben prestar para a limpeza da instalación son 6 horas á semana, polo que deberase respectar o límite anterior e non sobrepasar as 35 horas semanais por seguridade xurídica, que poidan levar a sobrepasar ese límite e conlevar á posibilidade de conversión do contrato parcial a tempo completo. Ao non existir convenio colectivo de aplicación a xornada semanal do persoal laboral será a de 40 horas.



CONCELLO DE PONTECESO  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTECESO (A Coruña)

## Conclusiones

Logo de ver o informe sobre os chamamentos resulta que seguindo a orde de prelación da LISTA DE PERSOAL LABORAL FIXO DE LIMPADORAS DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS FIXAS DISCONTINUAS A TEMPO PARCIAL, aprobada pola resolución de Alcaldía núm. 619/2023 do 31 de xullo de 2023 (publicada no BOP núm. 150 do 8 de agosto de 2023) no proceso selectivo de estabilización do emprego temporal, a candidata número 4 CARABEL FERREIRO TERESA, con DNI \*\*\*6367\*\*, acepta o chamamento o día 02-02-2024 por vía telefónica, para cubrir as horas propostas mediante escrito presentado o día 05-02-2024 (R.E. núm. 20240000000144), polo que o seu contrato actual de limpadora fixa discontinua a tempo parcial, cunha prestación de 26 horas semanais modificarase coa nova prestación de 6 horas semanais para a limpeza das instalacións municipais do GES, totalizando o seu contrato 32 horas semanais, modificando as súas retribucións proporcionalmente ás horas efectivas precitadas.

O órgano competente, de conformidade co artigo 21 da Lei 7/1985, LRBRL, é a alcaldía.

Antes de ditar resolución deberase someter á fiscalización previa da intervención municipal.

.....”

Na data de 22-02-2024 emitíuse o informe de fiscalización previa da intervención municipal, o cal foi emitido en sentido favorable, se ben coa observación de facer constar o custo da modificación do contrato de traballo.

O custo da modificación do contrato de traballo é o seguinte:

- Contrato da limpadora na actualidade: Custe salarial polo importe de 896,88 euros e seguridade social a cargo do concello 305,64 euros, totalizando 1.202,52 euros mensuais, e cunha xornada do 65% da habitual.
- Contrato da limpadora coa modificación proposta: Custe salarial polo importe de 1.103,84 euros e seguridade social a cargo do concello 376,19 euros, totalizando 1.480,03 euros mensuais, e cunha xornada do 80% da habitual.

Por todo o anterior, no uso das atribucións que me outorga a lexislación vixente

## RESOLVO

**Primeiro.-** Modificar o contrato de traballo da limpadora de instalacións municipais FERREIRO TERESA, con DNI \*\*\*6367\*\*, persoal laboral fixo discontinuo a tempo parcial, a cal acepta o chamamento o día 02-02-2024 por vía telefónica, presentando o seu escrito de aceptación o día 05-02-2024 (R.E. núm. 20240000000144), polo que o seu contrato actual de limpadora fixa discontinua a tempo parcial, cunha prestación actual de 26 horas semanais modificarase coa nova de 6 horas semanais para a limpeza das instalacións municipais do GES, totalizando o seu contrato 32 horas semanais, modificando as súas retribucións proporcionalmente ás horas efectivas a prestar, sendo a custe laboral coa modificación de 1.103,84 euros e seguridade social a cargo do concello 376,19 euros, totalizando 1.480,03 euros mensuais, e cunha xornada do 80% da habitual.

**Segundo.-** Notificar á interesada, publicar no taboleiro de anuncios da sede electrónica e dar conta ao Pleno na vindeira sesión ordinaria que se celebre.



Teléf.: 981 714 000 Fax: 981 715 028  
[concello@pontevedra.es](mailto:concello@pontevedra.es)  
[www.pontevedra.es](http://www.pontevedra.es)  
CIF: P1506900H  
REL:01150682  
RELG:MU2000/15

CONCELLO DE PONTEVEDRA  
Rúa Concello, 18 – 15110 PONTEVEDRA (A Coruña)

Pontevedra, na data da súa sinatura dixital.

O alcalde

A secretaria

(Aos efectos do art. 3.2 do RD 128/2018)

José Manuel Mato Martínez

Antía Pena Dorado